

«Esta merla de trapo está construída cos fíos da memoria»

A merla de trapo é un conto fantástico, do xénero dos contos maravillosos. Escrito nun magnífico e riquísimo galego, recrea habilmente as fórmulas narrativas tradicionais e inclúe pequenos poemas e brillantes metáforas, sen que falte un lixeiro e constante humor que favorece a comunicación cos lectores ó que vai dirixida.

Un conto maravilloso de agora mesmo que revive o sabor dos contos de antes e de sempre.

▼ MATEO IGLESIAS

¿Que supuxo para ti gañar o Premio Merlín de Literatura Infantil con A merla de trapo? ¿Que papel cres que xogan hoxe este tipo de premios no campo literario galego?

—O Merlín chegoume como a Merla: a voar nunha nube de po de fantasía. Fóra xa das posibles repercusións públicas que poida ter no que se refire ao recoñecemento do valor literario do que eu escribo, a recepción dun premio literario é un momento íntimo de pracer e vaidade, máis a persoa que o recibe debe procurar que esa vaidade sexa breve para poder seguir imaxinando horizontes. Un premio é só iso, un golpe de sorte. Quero dicir con isto que non é máis ca un recoñecemento público e fortuíto dun labor que alguén fai, un estímulo que che anima a seguir escribindo historias e a dar novas alcançadas que outros fracasos anteriores quizabes che retardaron ou inhibiron; pero, fóra diso, os premios literarios deixan de ter transcendencia porque as persoas debemos de seguir soñando con alcanzar esas metas fantásticas que nos permiten vivir.

A merla de trapo é un conto maravilloso, ou como expresas no comezo do propio libro, "un conto de fadas sen fadas". ¿Que che levou a acometer un xénero coma este?

—E mais si, *A merla de trapo* é coma un conto de fadas, ampliando este concepto ao de conto maravilloso ou de maravillas; por varios motivos: un, porque eu quería mergullarme nun mundo fantástico e limpo; outro, porque nel hai obxectos maravillosos, personaxes que aínda sendo reais están cheos de fantasías, historias imposíbeis que sería lindo que fosen posibles, e cousas por aí andando. Gusto moito dos contos de fadas, os contos fantásticos de tradición oral universal, e nesta ocasión (non foi a única, e supoño que non será a derradeira) saíume deste xeito querendo imitalos.

Dentro da túa obra, xa máis de vinte libros publicados, ¿onde está a orixe desta merla de trapo?

—Está noutra historia anterior, *O merlo de ferro*, na que un ferreiro forxa un merlo fantásti-

co a golpe de martelo e bigornia, pero, sobre todo, enchendo cada parte do fantástico corpo dese paxaro con anacos da súa propia vida. A este merlo había que darlle unha merla... E esa é unha tamén fantástica merla de trapo construída por unha costureira a partir de soños e memoria. Pero a orixe de todo isto está en que eu nacín nunha casa vella dunha familia humilde dun barrio obreiro de Ferrol, e medrei no medio de fumes de carbón a roxar na forxa, de anacos de ferro e sons de bigornia; entre ganduxos, fíos, botóns e retrincos de teas, ao pé dunha máquina de coser; porque o meu pai foi ferreiro e a miña nai costureira. Teño o costume, moi entendido na xente que escribe, de dedicar os libros a alguén. O merlo é unha homenaxe ao meu pai, que finou hai moitos anos e que foi un home bon. A merla é un cariño á miña nai, que aínda vive, e que sendo ela meniña aprendeu o oficio de costureira, na parroquia de Torres do concello de Vila-real; que de nova probou fortuna vindo coser a Ferrol. Tras dela chegou un ferreiro, tamén de Torres, el. O resto da historia... Eu fun o derradeiro fillo e serodio, despois doutros catro. Cando eu era moi cativo, a miña nai ía coser a algunhas casas da burguesía de Ferrol. Tamén cosía na casa e facíame camisolas e pantalóns. O meu pai, ademais de ser operario da Maestranza, traballaba polas tardes na pequena forxa que tiña no patio da casa. Naquela forxa naceu o merlo de ferro. Entre aqueles fíos e máquina de coser naceu a merla de trapo. Hoxe, ignorando a mantenta as espiñas amargas que a época tiña, vexo isto tan lindo que a fantasía para crear esta parella de merlos chegou ao meu maxín como por arte de maxia.

O libro está formado por unha historia central, a dos amores da merla de trapo e o merlo de ferro, ou da costureiríña e o ferreiro, e outros relatos, verdadeiros contos de maxia, nos que recreas e actualizas elementos moi presentes na tradición literaria oral popular. ¿En que medida cres na vixencia e no interese deste tipo de texto para os lectores de hoxe en día?

—¿É que alguén pode dúbida que moitas das grandes obras da literatura universal, ou dos

filmes máis exitosos e vistos son historias que seguen a estrutura do que se dá en chamar conto maravilloso? A literatura popular é a fonte da literatura. Antes de correr o ser humano aprendeu a andar, antes de escribir un soneto, o seu humano aprendeu a rimar triádes e cantareas, antes de escribir unha novela o ser humano contou e escribiu contos. As trinta e unha funcións que, segundo analizou e describiu Vladimir Propp, como máximo contén un conto maravilloso, ou unha historia fabulada, son aplicábeis a grande parte das obras literarias e guiños cinematográficos. Así que o interese da literatura oral popular, todo.


No libro desfilan libros de ler e desler, tesouras de cortar e des-cortar, herbas de sen-ninguén que comunican a tristeza..., elementos máxicos que espertan a capacidade humana de soñar. A merla de trapo semella un banco de fantasía ilimitada.

—Xa me gustaría que así fose. Pero quero dicir que se a *Merla de trapo* é visto polos lectores (algúns, claro, que xa sei que é imposible chegar a todos) coma un libro xeitoso, dende o punto de vista literario, fantástico e sobre todo humano, gustárame pensar que iso será debido a que foi un libro escrito dende min mesmo. Non sei, agora dáseme por pensar que hai escritores que escriben dende fóra (o cal non desmerece nada); pero eu son dos outros, eu escribo —mal que ben— dende dentro. E dentro de min xa hai unha Historia, un país, unhas aspiracións, unha saudade, unhas metáforas, o eco duns sorrisos... Gustárame saber expresar todo isto con palabras impregnadas de beleza (iso é a literatura). E son galego, ¿non din que a Galiza préstase á fabulación? Se isto non é un tópico, esperemos que nos quede sempre algunha carballa intacta, algunha praia inviolábel, algún río de augas puras, algún porto de singraduras aventureiras dende onde nos poidamos botar ao mar das fábulas para seguirmos convivindo cos trasnos, coas meigas, co urco, coa estadea, cos nubeiros, coas fadas, cos mouros, cos mil e un seres fantásticos que poboa a nosa memoria colectiva.



Un conto de fadas pero sen fadas

Esta é unha historia de fadas pero que non ten fadas. A protagonista é Antonia, unha humilde costureira que traballa nas casas onde a chaman, a cambio da comida e dalgúnhas moedas. Cando costuraba para os seus veciños, Antonia traballaba na súa casa da rúa das Pétalas, onde unha mañá pousou, na varanda da xanela, un merlo de ferro, un paxariño que tiña no peteiro un estorbo que lle impedía cantar. Antonia conseguiu que aquel merlo maravilloso, posuidor dun peteiro escintilante e dourado feito de raios de sol ben apertadinhos, volvese cantar; retirándolle aquela xelatina de silencio, aquel cachiño de lúa que lle quedara pegado no peteiro. Ao cabo dun tempo, a costureira observou que o merlo cantaba cada vez durante menos tempo; mesmo un día apareceu cunha pequena póla de sen-ninguén, esa herba solitaria coa que o paxaro lle quería comunicar que estaba triste e se



atopa só. A costureiríña, conmovida, decidiu proporcionarlle unha compañeira, ganduxar unha merla de trapo que o acompañase. Traballadora como era, cortou dúas siluetas iguais sobre un lenzo branco, encheunas de guata, coseunas con frío branco, forrounas con retallos de anoiçada, empregando os fíos que lle arrincara ás noites de lúa: a merla de trapo e o merlo de ferro axiña namoraron e comezaron a construír un niño de luz e sombra.

